

#HoxeEscriboEn_Mocidade

Microrrelatos premiados

CATEGORÍA C: Alumnado de Bacharelato

Microrrelato premiado: O último croque

Autor: Sofía Cao Fontán

Centro de ensino: CPR La Salle, Santiago de Compostela

O último croque

Na noite máis pecha do inverno, Santiago de Compostela durmía envolta nunha néboa espesa. A brétema cubría as rúas de pedra e a catedral semellaba flotar no aire. Eu deambulaba sen rumbo pola Quintana, afastándome das luces e dos turistas. Sentía que algo me chamaba, algo antigo e poderoso. Sen saber moi ben como, atopeime na entrada do Pórtico da Gloria, diante da figura do Mestre Mateo, o famoso Santo dos Croques.

Sempre oíra dicir que, se lle dabas un croque na cabeza de pedra, gañarías sabedoría. Algúns compañeiros de clase fixéranos antes dos exames, máis por broma que por fe. Pero aquela noite, algo no ar cheiraba a verdade.

Acerqueime á figura, que escintilaba humidamente baixo a lúa. Pasei a man pola pedra fría e rugosa. De súpeto, a cidade enteira pareceu calar: non había vento, nin campás, nin pasos... Era coma se Santiago contivese o alento.

Inclinei a cabeza e dinlle un golpe lixeiro, o aire pareceu esnaquizarse.

Vin, nun instante, milleiros de imaxes: procesións que avanzaban baixo a choiva, escultores traballando ata sangrar polas mans, esculturas que abríanos ollos, sombras reptando polas columnas.

—Sabedoría non é só coñecemento—murmurou unha voz rouca que parecía saír da pedra mesma—. É saber ver o que os demais temen mirar. Non fun quen de contestar, un calafrío percorreume a columna.



Deputación
DA CORUÑA



BIBLIOTECA
PROVINCIAL
DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

#HoxeEscriboEn_Mocidade

Microrrelatos premiados

CATEGORÍA C: Alumnado de Bacharelato

Microrrelato premiado: O último croque

Autor: Sofía Cao Fontán

Centro de ensino: CPR La Salle, Santiago de Compostela

O último croque (continuación)

Afasteime, dando un paso atrás, e entón vin unha figura na parte alta da escalinata. Non se movía, pero sentía os seus ollos cravados en min, atentos, pacientes. Sentín coma se o Mestre Mateo estivese agardándome, para ser a súa aprendiz. Quedamos alí, naquel instante eterno, enfrontándonos sen palabras, como se eu tivese que tomar unha decisión que marcaría a miña vida. Parte de min quería correr, escapar á calor dalgún bar aberto, esquecer aquilo como un soño mal durmido. Pero outra parte, no fondo, sentía unha atracción inevitable. Dei un paso adiante. A figura semellou asentir levemente, e comecei a seguila. Non sei como, pero a cidade enteira cambiara. As rúas xa non eran as mesmas, eran máis estreitas e silenciosas, as pedras parecían máis vellas. A Compostela que coñecía desaparecera, substituída por outra máis escura, coma doutro tempo. A figura guioume polas corredoiras secretas da vella cidade, por lugares que non atoparía nunca nun mapa. De vez en cando, miraba cara atrás, e o seu rostro estaba sempre oculto na sombra. Non lembro como nin cando o perdín de vista. Fun quedando só entre rúas torcidas e sombras que semellaban susurrarme cousas que preferiría non entender. Unha vez na casa, a cidade ao outro lado da fiestra semellaba...diferente. Non estou segura de que todo iso fora real, ou de que algunha vez poida volver ser a mesma. Só sei que dende aquela noite, cada vez que paseo polas rúas molladas de Santiago, sinto pasos ao meu carón, e, ás veces, entre o rumor da brétema, xuraría que alguén murmura o meu nome en voz baixa dende a pedra.